Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española

O Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española ofrece formación especializada no eido das linguas e das literaturas galega e española, e permite adquirir as competencias filolóxicas necesarias para poder aplicalas de xeito práctico na procura de solucións aos problemas socioculturais actuais por medio do uso das ferramentas dixitais e o dominio complementario de dous idiomas modernos (elixirase entre alemán, francés, inglés e portugués). Acode ao termo filoloxía, concibida como a suma de varias disciplinas centradas sempre na palabra e nos textos, e ao adxectivo aplicada, pois emprega os coñecementos da ciencia básica para a súa aplicación práctica.

Datos básicos da titulación

- Campus: Vigo
- Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución
- Linguas de impartición: galego, español; alemán, francés, inglés e portugués
- Número de créditos: 240
- Número de prazas de novo ingreso: 50
- Modalidade: presencial

Para máis información

Web: fft.uvigo.es
Enderezo electrónico: sdfft@uvigo.gal
Tfno.: +34 986 812 375

Universida de Vigo

Facultade de
Filoloxía e Tradución

Tel.: +34 986 812 375
sdfft@uvigo.gal
fft.uvigo.es

uvigo.gal

GRAO

Filoloxía Aplicada Galega e Española

Universida de Vigo

Facultade de
Filoloxía e Tradución

Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española

Perfil do estudantado de novo ingreso

Estudantado con interese polo coñecemento das linguas galega e española, e dos idiomas modernos; con sensibilidade para a diversidade cultural e literaria; con gusto pola lectura e por comunicar; con vontade por fomentar a creatividade, o sentido crítico e as habilidades para manexar todo tipo de ferramentas da información; con espírito emprendedor e capacidade de iniciativa.

Acceso e admisión

- Bacharelato con ABAU superada
- Ciclos formativos de grao superior
- Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos
- Titulación universitaria previa

Formación

A formación do estudantado inclúe un primeiro ciclo que proporciona fundamentos teóricos e aplicados nas linguas e nas literaturas galega e española, e en dous idiomas modernos; e un segundo ciclo de formación máis especializada orientada a cada unha das dúas linguas centrais do grao. Comparte 90 créditos comúns con outro grao do centro, o de Linguas Estranxeiras. Esta formación permite perspectivas moito máis amplas nos coñecementos lingüísticos e moita maior competitividade nun mundo global multilingüe.

- Módulo optativo de especialización en lingua de signos española.
- Posibilidade de libre deseño do currículo.

Saídas profesionais

- As industrias culturais e creativas, especialmente vinculadas ás novas tecnoloxías
- Asesoramento lingüístico en empresas tecnolóxicas
- Análise e xestión da información en organismos e en proxectos nacionais e internacionais
- Asesoramento lingüístico e literario en departamentos culturais, radio e televisión, cine, mundo editorial e periodístico, axencias de publicidade, áreas de normalización lingüística etc.
- Docencia en ensinanza secundaria, bacharelato, escolas oficiais de idiomas, academias etc.
- Edición, redacción e corrección de textos especializados, de creación literaria e de contidos audiovisuais
- Mediación lingüística, incluída a lingua de signos española
- O ensino do español e do galego como linguas estranxeiras (lectorados, auxiliarías de conversación etc.)
- A industria do español, especialmente o relacionado coa presenza do español no mundo, e a industria do galego, sobre todo, a través da súa relación coa lusofonía

Mención en Galego

Para obter a Mención en Galego é obrigatorio cursar Portugués (ademais da súa literatura e cultura) como un dos dous idiomas.

Especialización en lingua de signos española

Para obter o Módulo optativo de especialización en lingua de signos española, o estudantado que así o desexe terá que cursar, ademais das Prácticas externas curriculares obrigatorias (centradas, preferiblemente, no ámbito da lingua de signos), dúas materias de Lingua de signos española e o Seminario de lingüística aplicada.

Materias

1.º curso	*ECTS*	*Carácter*	*Semestre*
Idioma A: alemán/francés/inglés/portugués I (*)	6	FB	1
Idioma B: alemán/francés/inglés/portugués I (*)	6	FB	1
Comunicación oral e escrita en español	6	FB	1
Comunicación oral e escrita en galego	6	FB	1
Historia	6	FB	1
Idioma A: alemán/francés/inglés/portugués II (*)	6	FB	2
Idioma B: alemán/francés/inglés/portugués II (*)	6	FB	2
Pensar a literatura	6	FB	2
Introdución ao estudo da linguaxe	6	FB	2
A literatura galega nos seus textos	6	FB	2

2.º curso	*ECTS*	*Carácter*	*Semestre*
Gramática práctica galega	9	OB	1
Ámbitos literarios hispánicos	6	OB	1
Idioma A: alemán/francés/inglés/portugués III (*)	6	OB	1
Idioma B: alemán/francés/inglés/portugués III (*)	6	OB	1
Tecnoloxías da linguaxe	6	OB	2
Lingua española: construción do discurso	9	OB	2
Idioma A: alemán/francés/inglés/portugués IV (*)	6	OB	2
Idioma B: alemán/francés/inglés/portugués IV (*)	6	OB	2
Literatura e cultura lusófonas/francesas/alemás (**)	6	OB	2

3.º curso	*ECTS*	*Carácter*	*Semestre*
O galego e a súa variación sociodialectal	6	MG	1
Galego: os sons da lingua	6	MG	1
Literatura galega medieval: cantigas e prosa	6	MG	1
O rexurdir da literatura galega	6	MG	1
Irmandades, Nós e vangardas na literatura galega	6	MG	2
A construción do relato da modernidade: a narrativa galega	9	MG	2
Galego: relacións sintácticas e construción do texto	9	MG	2
Lexicografía, semántica e ontoloxías do español	6	ME	1
Oralidade, textos e contextos na España medieval	6	ME	1
Tradición clásica e modernidade creadora I	6	ME	1
Gramática do español: da oración ao discurso	6	ME	1
Gramática do español: da palabra ao significado	6	ME	2
Fonética e fonoloxía do español e as tecnoloxías da fala	6	ME	2
Tradición clásica e modernidade creadora II	6	ME	2
O canon literario	6	ME	2

Abreviaturas: MG = Mención en Galego; ME = Mención en Español.

(*) No referente á materia do idioma A e B, o estudantado terá que escoller dúas linguas estranxeiras entre as catro ofertadas: alemán, francés, inglés e portugués. A elección idiomática manterase durante os catro cuadrimestres nos que se imparten os idiomas entre 1.º e 2.º curso. En consecuencia, o estudantado completará catro cuadrimestres de dúas linguas: unha será a súa lingua A e outra a súa lingua B; non poderá combinar máis linguas.

(**) Na materia de literatura e cultura dun idioma estranxeiro terá que escoller unha entre as tres ofertadas: Literatura e cultura lusófonas/Literatura e cultura alemás/Literatura e cultura francesas.

4.º curso	*ECTS*	*Carácter*	*Semestre*
Galego: a forma das palabras	6	MG	1
Galego: políticas lingüísticas	6	MG	1
O galego no tempo	6	MG	1
Horizontes e tensións na poesía galega moderna	6	MG	1
O español no mundo: unidade, variación e internacionalización	6	ME	1
Análise do discurso	6	ME	1
Literatura e revolución	6	ME	1
Lecturas de literatura hispanoamericana: textos e contextos	9	ME	1
Galego: o significado das palabras	6	MG	2
Pensamento e acción: ensaio e teatro na Galicia contemporánea	6	MG	2
Escrita creativa en galego	6	MG	2
Historia do español e as súas gramáticas	9	ME	2
A modernidade literaria	6	ME	2
Prácticas externas curriculares	6	OB	2
Traballo de fin de grao	6	OB	2

Optativas de 3.º e 4.º curso	*ECTS*	*Carácter*	*Semestre*
Lingua de signos española I	6	OP	1
Humanidades dixitais e literatura en lingua española	6	OP	1
Literatura galega en novos formatos	6	OP	1
Galego estándar: aplicacións profesionais no mundo dixital	6	OP	1
Seminario de lingüística aplicada: desafíos actuais no estudo da linguaxe e as linguas	6	OP	1
Asesoría lingüística e textos multimodais en español	6	OP	1
Lingua de signos española II	6	OP	2
Humanidades dixitais e crítica literaria	6	OP	2
Introdución á lingua latina	6	OP	2